



# XXVII Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais

# 2023



Cos obxectivos de honrar a memoria de Vicente Risco, axudar á consolidación da cultura e a fortalecer as relacións de Galiza con Portugal e a lusofonía, a Fundación Vicente Risco (Allariz); os Concellos de Allariz, Castro Caldelas e Melide; a Deputación de Ourense; a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD) (Vila Real - Portugal), representada pola Escola de Ciéncias Humanas e Sociais (ECHS); as Universidades da Coruña (UDC), Santiago (USC) e Vigo (UVIGO) e a Caixa Rural Galega presentan as bases do XXVII premio Vicente Risco de Ciencias Sociais, cun valor, antes de impostos, de 6.000,00€ e de acordo ás seguintes cláusulas:

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.** Poderá participar no premio calquera persoa, sen distinción de idade ou nacionalidade, que presente os seus textos en lingua galega ou en lingua portuguesa. Os textos presentados deben ser totalmente orixinais, non estar publicados nin traducidos en calquera formato e teñen que abordar investigacións referentes a Galiza e/ou ao Norte de Portugal, sempre do punto de vista das ciencias sociais (antropoloxía, arqueoloxía, socioloxía, historia, lingüística, xeografía, economía, turismo...). Os traballos de investigación deben ter unha extensión mínima de 150 páxinas e unha extensión máxima de 300 páxinas, tamaño DIN-A 4 e escritos a espazo dobre en letra Arial 12. Serán especialmente valorizados os textos que se adecúen aos usos habituais do ensaio. A data límite para a recepción de traballos será o **28 de febreiro de 2023**.

**SEGUNDA.** Os textos deberán ser entregados en soporte dixital (pdf) e remitidos a [secretaria@fundacionvicenterisco.com](mailto:secretaria@fundacionvicenterisco.com). O texto do traballo científico será presentado contendo unicamente un título na súa capa e sen identificación da autoría, para a súa avaliación anónima polo xurado. Noutro documento, entregado tamén en soporte dixital (pdf) e remitido a [secretaria@fundacionvicenterisco.com](mailto:secretaria@fundacionvicenterisco.com), será incluída a seguinte información: título do traballo, nome completo da autoría, Cartão de Cidadão (CC), pasaporte ou documento de identidade, domicilio, teléfono e correo electrónico, así como unha declaración xurada asinada polo/a autor/a en que declare a súa autoría e o carácter inédito do traballo. Os candidatos recibirán unha confirmación oficial da recepción do seu traballo.

**TERCEIRA.** O xurado do premio estará formado por nove membros, ligados ao campo da cultura e das ciencias sociais, que serán nomeados polas institucións organizadoras do premio. A secretaría do premio recaerá nun deses nove representantes ou ben noutra persoa que designe a organización. Neste caso a secretaría non terá voz nin voto. O premio para o mellor traballo de investigación presentado será concedido por maioría de votos.

**CUARTA.** O nome das persoas que integrarán o xurado será divulgado antes de rematar a primeira quincena do mes de xuño de 2023.

**QUINTA.** A decisión do xurado, inapelábel, darase a coñecer antes de finais de xuño de 2023 e será divulgada nas redes sociais da Fundación Vicente Risco.

**SEXTA.** O premio, indivisíbel, poderá ser declarado deserto, no caso de o xurado así o considerar en decisión que será inapelábel.

**SÉTIMA.** A contía económica atribuída ao premio é considerada en calidade de pagamento dos dereitos de autoría, quen cede estes á Fundación Vicente Risco, sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os dereitos de edición da obra poderán ser realizados en calquera lingua, coa posibilidade de cesión de dereitos a terceiros. O beneficiario do premio recibirá de balde vinte e cinco exemplares da obra publicada en soporte papel. A persoa premiada tamén autoriza que, transcorrido un ano desde a presentación do premio, a publicación estea accesíbel en descarga gratuíta e aberta desde a plataforma dixital que para tal efecto habilitarán os organizadores do premio en [www.fundacionvicenterisco.com](http://www.fundacionvicenterisco.com)

**OITAVA.** O xurado poderá recomendar até un máximo de dous traballos adicionais para a súa publicación, xustificando o seu recoñecido mérito. A publicación destes traballos non implica remuneración económica para o/a autor/a, quen terá que aceptar a publicación e ceder os dereitos de autoría á Fundación Vicente Risco para a primeira edición da obra en calquera lingua e as súas reimpresións, até un máximo de 3.000 exemplares. A organización non estará obrigada a publicar estes traballos.

**NONA.** Os orixinais non premiados serán eliminados. A participación neste premio significa a aceptación de todas as cláusulas, así como das decisións do xurado.